

BASES XERAIS DE PARTICIPACIÓN

1. ENTIDADE ORGANIZADORA. O concurso de ideas para mural urbano estación de autobuses de Allariz é un evento cultural organizado pola área de turismo e a área de igualdade do Concello de Allariz.
2. DATA E LUGAR. A realización do mural farase en en Allariz durante as datas pactadas entre a organización e o autor/autora seleccionado, sendo suxeitas a modificación se fose preciso.
3. DESTINATARIOS/AS. Poderán participar no concurso todas aquelas persoas de xeito individual ou colectivo, alumnos de escolas de artes, afeccionados ou semi-profesionais. Sempre baixo o tema da diversidade como fío condutor da proposta.
4. INSCRICIÓN. Para participar é preciso formalizar a inscrición enviando unha proposta entre o 17 de Abril e o 3 de maio ás 14:00h (incluído) a través do correo electrónico participa@allariz.gal ao que se deberá remitir datos de contacto (nome apelidos,dirección, teléfono de contacto e correo electrónico, así coma unha breve explicación xunto coa proposta a concurso.
5. SELECCIÓN. A organización realizará a selección baixo criterios obxectivos atendendo á calidade, profesionalidade e pluralidade de propostas. O fallo será trasladado a todos/as persoas inscritas, o día 5 de maio de 2023, a través de correo electrónico.
6. CONTRAPRESTACIÓN. O proxecto seleccionado percibirá unha prestación económica de 600€ máis a realización no muro da idea gañadora cos materiais incluídos.
7. RESPONSABILIDADE DA ENTIDADE ORGANIZADORA. A organización resérvase o dereito de modificar ou cancelar a realización do proxecto si o estimase oportuno ou si ocorresen supostos especiais que impidan a realización do mesmo como puidesen ser causas meteorolóxicas adversas. A organización tamén se reserva a posibilidade de que, no caso de renuncia á participación do proxecto seleccionado, a praza vacante poda ser ocupada por outro/a artista.
8. ACEPTACIÓN DAS BASES. Enviando o formulario a persoa ou colectivo está aceptando de forma expresa as condicións de participación.

Concellería de Promoción Económica, Comercio e Turismo

Rúa O Portelo, 4 32660 Allariz

Telf: 988 442 210

Email: participa@allariz.gal